



Tender un puente

James Martin, SJ. Ed. Mensajero

Ediciones Mensajero publica a edición en castelán do libro de James Martin que avoga por '*Tender un puente*' entre a Igrexa católica e a comunidade LGBTI. O xesuíta convida a establecer entre ambos os grupos unha relación de respecto, compaixón e sensibilidade.

James Martin abriu o debate no seo da Igrexa católica sobre a relación coa comunidade LGBTI a través do seu último libro «*Bulding a Bridge*». Unha profunda reflexión onde avoga por tender unha ponte entre ambas, abríndose a unhas novas relacións de respecto, compaixón e sensibilidade. O libro publicado en Estados Unidos chegou a España este mes de outubro da man do *Grupo de Comunicación Loyola*, baixo o selo de *Mensajero*, co título «*Tender un puente*». Como a Igrexa católica e a comunidade LGBTI poden establecer unha relación de respecto, compaixón e sensibilidade?

O autor, editor da revista América, tenta trazar con audacia e respecto os camiños que poden achegar ás dúas partes, a igrexa institucional e a comunidade LGBTI, separadas por un grande abismo. Desde a premisa de que a obra do Evanxeo non pode realizarse se unha parte da igrexa está esencialmente separada de calquera outra parte, o xesuíta James Martin descobre nas propias palabras do catecismo da Igrexa católica os ingredientes necesarios para establecer as relacións desexables para el: Respeto, compaixón e sensibilidade.

A súa proposta responde á súa enorme inquietude suscitada pola matanza colectiva de 49 persoas nunha discoteca de referencia entre a comunidade gai de Orlando, Florida. Tras o suceso, no verán de 2016, millóns de persoas expresaron o seu apoio á comunidade LGBTI, incluídos algúns bispos católicos. Con todo, o silencio